




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 655



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO “SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA E LOGOPÉDICA PARA FAMILIAS E MENORES XORDOS IMPLANTADOS OU CON PRÓTESE AUDITIVA” NO ANO 2021.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE IDONEIDADE DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA.

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social pretende formalizar xunto coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2021. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a FAXPG no desenvolvemento dun proxecto de atención psicolóxica e logopédica para familias con menores xordos implantados ou con prótese auditiva. O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos de entre 0 e 6 anos, a orientación sobre as estratexias comunicativas ás súas familias e a aos centros educativos (lingua de signos), así como tamén o asesoramento psicolóxico ás familias e/ou contorno de convivencia co fin de fomentar o desenvolvemento normalizado do sistema familiar.

A Consellería de Política Social e a FAXPG pretenden colaborar para desenvolver un programa, que se iniciou como proxecto piloto no ano 2018, que centra o foco de intervención nas familias con nenas e nenos xordas ou con discapacidade auditiva de 0 a 6 anos, actuando dende unha fase máis temperá e dentro do eido colectivo familiar, como espazo natural de desenvolvemento. Este proxecto está arraigando e é aconsellable a súa consolidación, dados os beneficios que está a reportar aos destinatarios finais das axudas que se recollen no convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias, colectivo dentro do ámbito de competencias desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Por outra banda, resulta imposible promover a concorrència para a concesión desta axuda, xa que se trata dun proxecto único en Galicia que e existe un interese público acorde coas competencias desta dirección xeral





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia  
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 655

galicia

en apoiar ás familias con menores xordos implantados ou con próteses auditivas. A FAXPG é a única entidade coa representatividade abondo como para acadar os fins perseguidos coa colaboración que se recolle neste convenio.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

